




ELECCIÓN 2016

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA

(Doc. RE 150/2016 y RE 151/2016)

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
- FRONTE OBREIRA GALEGA (FOGA)
- PARTIDO COMUNISTA DO POBO GALEGO (PCPG)



MODELO OFICIAL DE ESCRITO DE CONSTITUCIÓN DUNHA COALICIÓN ELECTORAL POR
PARTIDOS POLÍTICOS OU FEDERACIÓN DE PARTIDOS

ELECCIONES	PARLAMENTO DE GALIZA 2016
------------	---------------------------

CONSTITUCIÓN DE COALICIÓN ELECTORAL

En Santiago de Compostela, a 10 de agosto de 2016

REUNIDOS

D. ALBERTE SOUTO SOUTO, Como representante legal do partido político: BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
Segundo figura no Rregistro de Partidos Políticos, en calidade de (cargo): REPRESENTANTE XERAL

D. JOSÉ CARLOS DE LA FUENTE ESTEVEZ, Como representante legal do partido político: FRONTE OBREIRA GALEGA (FOGA)
Segundo figura no Rregistro de Partidos Políticos, en calidade de (cargo): PRESIDENTE

D. XOSÉ COLLAZO CASTRO, Como representante legal do partido político: PARTIDO COMUNISTA DO POBO GALEGO (PCPG)
Segundo figura no Rregistro de Partidos Políticos, en calidade de (cargo): SECRETARIO XERAL

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
ENTRADA
10 AGO. 2016
Nº 151/2016

FAN CONSTAR que, de conformidade co artigo 44 e seguintes da Lei Orgánica do Régime Electoral Xeral acordan concorrer ás citadas eleccións en coalición electoral, rexéndose esta polo seguinte

PACTO DE COALICIÓN

1. Denominación, siglas e símbolo da coalición electoral

Denominación da coalición electoral:

BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA

Siglas da coalición electoral:

BNG-NÓS


Símbolo da coalición electoral (achegar ficheiro .jpg):



2. Ámbito territorial

O seu ámbito territorial constitúeno as circunscripcións de:

A CORUÑA, LUGO, OURENSE, PONTEVEDRA



A denominación, siglas e símbolo con que concorrerá a coalición electoral nas diferentes circunscripcións son as seguintes:

Circunscripción:

A CORUÑA, LUGO, OURENSE, PONTEVEDRA

Denominación da coalición electoral:

BNG-NÓS CANDIDATURA GALEGA

Siglas da coalición electoral:

BNG-NÓS

Símbolo da coalición electoral (achegar arquivo .jpg):



3. Logo para cartelaria e propaganda electoral (se é o caso achegar arquivo .jpg)




4. Órganos de dirección e coordinación

Créase, consonte o establecido no artigo 44.2 da LOREX, un órgano colexiado de dirección denominado Comisión de Dirección e Seguimiento para velar polos obxectivos da Coalición durante a lexislatura no Parlamento de Galiza. A súa composición será de 3 membros, nomeados a razón de 1 representante por cada formación política.

No momento da constitución desta coalición electoral designanse como titulares ás seguintes persoas, facendo constar que aceptaron formalmente o seu cargo:

BIEITO LOBEIRA DOMINGUEZ
XOSÉ COLLAZO CASTRO
JOSÉ CARLOS DE LA FUENTE ESTEVEZ

A Presidencia terá carácter rotatorio, cunha duración trimestral, e ostentará como funcións exclusivas as de convocar as reunións e presidilas.



Designarase un Secretario/a, que terá as funcións de levantar acta das reunións e autorizalas coa súa sinatura.

A Comisión de Dirección e Seguimiento reunirase como mínimo unha vez cada tres meses, sen prexuízo da súa convocatoria extraordinaria a petición de calquera formación política coaligada.

As decisións no seo da Comisión de Dirección e Seguimento tomaranse por consenso, e no caso de que non se alcance o acordo, adoptaranse por maioria.

Sen ánimo exaustivo, entre as funcións da Comisión de Dirección e Seguimento, figurarán a aprobación e dirección das liñas xerais da estratexia política, acción institucional e política de alianzas, así como a administración e xestión de recursos da coalición. No seu caso, poderá crear Grupos de Traballo no seo da Comisión de Dirección e Seguimento para facilitar e axilizar a toma de decisións.

Esta Comisión de Dirección e Seguimento da lexislatura do Parlamento de Galiza, entenderase sen prexuízo da vontade de establecer de forma establecible eixos estratégicos de colaboración nouros ámbitos públicos e institucionais.

5. Representantes xerais e provinciais

A coalición designa como REPRESENTANTE XERAL ante la Xunta Electoral de Galiza a D.
ALBERTO SOUTO SOUTO,

Así mesmo, o representante xeral da coalición electoral DESIGNA COMO REPRESENTANTES PROVINCIAIS OU DE CANDIDATURA da citada formación política para as devanditas eleccións ás persoas que se relacionan en documento á parte, indicando a circunscripción para a que son designadas.

6. Administradores xerais

A coalición electoral designa como ADMINISTRADOR XERAL a D.
BIEITO LOBEIRA DOMÍNGUEZ,

7. Reparto de subvencións electorais

A) PRINCIPIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA

A xestión económica da Coalición, será supervisada por unha Comisión Económica, integrada por un representante de cada formación política, que ademais lle corresponderá verificar o estrito axuste de todas as actuacións aos requisitos legais fixados pola LOREX e a Lei 9/2015, do 7 de agosto.


Perante esta comisión responderá o Administrador Xeral da Coalición, que coordinará todas as operacións económicas do proceso electoral.

A Comisión Económica desenvolverá a xestión dos ingresos e gastos electorais, conforme os seguintes criterios:

1º. Os ingresos e gastos da coalición electoral, incluídos os das candidaturas de cada circunscripción se os houber, contabilizaranse e efectuaranse nunha única conta bancaria de carácter electoral, sob a responsabilidade directa do Administrador Electoral consonte a normativa electoral.

2º. As formacións políticas integrantes poderán participar con achegas económicas.

3º. As formacións políticas poderán achegar fondos procedentes de créditos, pólizas bancarias ou instrumentos financeiros de análoga natureza para financiar gastos electorais da coalición. A coalición electoral, en garantía de pagamento de ditos créditos, pólizas bancarias ou instrumentos financeiros afectará as subvencións que poida percibir tanto polos resultados electorais como polo envío persoal e directo de envíos de propaganda electoral, constando expresamente o compromiso de cesión de dito dereito ás formacións políticas integrantes no caso da subscrpción de instrumentos financeiros.



4º. Ademais, a coalición poderá obter recursos económicos e achegas individuais, que deberán axustarse ao establecido nos artigos 126 da LOREX e 12 da Lei 9/2015, do 7 de agosto.

5º. A contabilidade electoral scrá presentada polo Administrador Xeral ante o Consello de Contas, quon ademais será responsable de publicar na web un balanzo abreviado da contabilidade electoral e do resultado da fiscalización.

B) CESIÓN ANTICIPO ELECTORAL

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO cede á Coalición Electoral o dereito que lle corresponde a obter un anticipo electoral, regulado no artigo 20 da Lei 9/2015, do 27 de agosto, en función do resultado obtido nas anteriores eleccións equivalentes, facultando ao Administrador Xeral da coalición a efectuar a súa solicitude e ingreso na conta electoral.

Pola súa banda, a Coalición Electoral asume as obrigacións derivadas de aplicar devandito anticipo aos gastos electorais. No caso de que a Coalición Electoral non resulte beneficiaria de subvencións electorais en función do resultado electoral, as formacións políticas integrantes asumen, en proporción ás cotas que resulten da súa participación, a devolución do devandito anticipo.

C) REPARTICIÓN DE SUBVENCIÓNNS ELECTORAIS

As subvencións electorais obtidas en función do resultado electoral (votos e escanos) ás que teña dereito a Coalición, consonte a normativa vixente, ingresaranse na conta electoral e o seu remanente, unha vez canceladas todas as obrigacións económicas electorais así como o reintegro dos fondos achegados que procedan de créditos, pólizas bancarias ou instrumentos financeiros de análoga natureza, distribuiránse entre as formacións políticas que a integran de maneira proporcional ás achegas económicas coas que participasen, segundo a proporción que resulte da súa participación segundo o establecido no apartado relativo aos principios de xestión económica.

D) REPARTICIÓN DE SUBVENCIÓNNS ORDINARIAS DE PARTIDOS POLÍTICOS

No caso de obter representación e por iso se acceda á condición de beneficiario de subvencións ordinarias da Comunidade Autónoma ao financiamento de formacións políticas con representación no Parlamento de Galiza, as formacións políticas que subsciben este acordo de coalición acordan ceder o dereito a percibir dita subvención ao BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, que efectuará compensacións ás formacións integrantes da coalición no caso que efectuasen achegas e na proporción das mesmas, sendo nese caso comunicado conjuntamente á administración competente.

8. Outras cláusulas

A) PRINCIPIOS POLÍTICOS

O posicionamento político das persoas electas da coalición electoral fundamentarase na defensa dun programa común baseado nos seguintes principios políticos:

1. A defensa da soberanía dos pobos, do dereito de autodeterminación desde o respeito ao elemental principio democrático do dereito a decidir. Reclamaremos o dereito democrático a tomarmos nós, desde Galiza, as decisións que nos afectan para termos unha vida xusta, como único xeito de enfrentar e corrixir as políticas antisociais e antigalegas que destrúen os nosos sectores produtivos, os nosos servizos sociais, os nosos dereitos laborais e o dereito a unha vida digna.
2. Pleno desenvolvemento da identidade nacional, lingüística e cultural de Galiza.
3. Economía ao servizo dos galegos e galegas. Decidir en exclusiva en Galiza sobre os recursos con que conta Galiza. Termos competencias financeiras e o control do aforro galego para o orientarmos ao crédito e aos investimentos produtivos de forma a asegurar que o noso aforro deixa de emigrar e se destina a financiar a actividade económica no país a través dunha Banca Pública Galega ou, como primeiro paso, un Instituto de Crédito e Investimento.
4. Política industrial para a Galiza do século XXI. Favorecer a creación de tecido industrial, partindo do incremento do investimento na I+D+I para asegurar a continuidade na Galiza do capital humano mellor formado e polo ao servizo da actividade económica no país, combatendo a deslocalización das actividades auxiliares da industria galega (automoción,


XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
ENTRADA

10 AGO. 2016

Nº 151/2016

téxtil), apostando en aplicar o coñecemento adquirido na Galiza en sectores avanzados (biotecnoloxía, robótica, tecnoloxías da información, tecnoloxía alimentaria, etc), e poñendo ao servizo das industrias as infraestruturas de transporte dun xeito integral e coordinado.

5. Defensa dunha economía ao servizo das persoas, que contribúa a desenvolver os nosos sectores produtivos e o dereito de Galicia a producir, co fin de xerar un modelo produtivo sustentable e de creación de emprego de calidade.
6. Apostar por un desenvolvemento económico endóxeno, en base ás capacidades propias do país. Perseguir o pleno desenvolvemento do tecido produtivo básico como vía para alcanzar a prosperidade de Galicia, para proporcionar emprego estable e unha vida digna a todas as galegas e galegos, ademais de dispor dos recursos para ter servizos públicos básicos para todas as persoas, e loitar eficazmente contra a pobreza e exclusión social. Para iso é preciso romper coa dependencia dun modelo económico centralista imposto desde o Estado, que afoga o potencial económico de Galicia.
7. Un novo modelo de financiamento para Galiza, baseado nun sistema de concerto económico co Estado, de modo que a Galiza controle, recade e xestione todos os impostos nunha facenda galega. Esa é a premisa para podermos decidir nós cales son as prioridades para destinar o noso díñeiro e para -por exemplo- podermos atender adecuadamente os servizos básicos (sanidade, educación, servizos sociais...) promover novos sectores produtivos que xeren emprego e riqueza no País.
8. Fiscalidade progresiva para unha contribución máis xusta. A implantación dunha Facenda Galega con plenas competencias lexislativas implicará a revisión a fondo do modelo fiscal para gravar os grandes patrimonios, acentuar a progresividade do IRPF, rebaixar os tipos do IVE - tamén que se garanta que todos os produtos básicos, así como os culturais, tributen no tramo máis baixo-, e implantar un tipo especial para produtos de luxo a 35%. Aplicación de medidas efectivas de loita contra a fraude e evasión fiscal e loita activa contra os paraísos fiscais.
9. Traballo digno na nosa terra. Traballar desde a Galiza pola derogación das reformas laborais lesivas para a clase traballadora e por un marco de relacóns laborais galego. Apostar por medidas concretas como incluir nos pregos de contratación garantías laborais e límites ás subcontratacóns e ás ETT.
10. A Galiza do coñecemento. Investigación e estratexia de futuro. A xestión integra na Galiza da I+D+i permitiría realizar unha aposta estratéxica pola investigación, e tamén que todos os fondos europeos relativos á innovación que correspondan á Galiza se xestionen desde o noso país, para integralos co resto de fondos económicos para realizar unha aposta estratéxica pola xeración de valor engadido dos produtos e recursos da economía produtiva galega.
11. Loita contra a pobreza, a exclusión social e maior protección social. Estabelecer un ingreso mínimo vital. Prohibición dos cortes nas subministracións básicas (auga, luz, calefacción,...) para as persoas en dificultades económicas. Plan de garantía das pensións: creación dunha comisión de estudio integrada por expertos, axentes sociais e forzas políticas para determinar as medidas a adoptar para garantir a viabilidade do sistema público de pensións e, ao mesmo tempo, acortar a distancia entre a pensión media na Galiza coa media estatal.
12. Mellorar a Sanidade pública. Destinar máis investimentos para revertir os recortes da era Feijoo na aposta estratéxica por unha sanidade pública, universal e gratuita e de calidade. Recuperar plenamente a xestión pública de todos os centros da rede sanitaria galega.
13. Un ensino público galego de calidade. Destinar os fondos públicos a mellorar o ensino público, reducindo progresivamente a subvención ao ensino privado concertado no camiño da completa eliminación destes apoios económicos a empresas privadas.
14. Derrogación do Decreto de plurilingüismo e avance decidido da normalización da lingua galega en todos os ciclos educativos.
15. Política enerxética sustentábel e en beneficio dos galegos e galegas. Unha política propia para o desenvolvemento do autoconsumo e das enerxías renovábeis. Tarifa eléctrica galega: fomentar a enerxía sustentábel e cun prezo real e propio en Galiza que evite que, para além de pagarmos os custos ambientais da producción, tamén teñamos que pagar o transporte até Madrid, principal centro de consumo.
16. Protección ambiental, piar de futuro e de desenvolvemento económico: saneamento integral das rías galegas, anulación da prórroga de ENCE na ría de Pontevedra, traspaso á Galiza das competencias sobre planificación e xestión das costas, portos e bacias hidrográficas. Apostar polo medio rural con políticas específicas, da extinción de incendios á fiscalidade do monte.
17. Converter o dereito á vivenda nunha realidade. Creación do Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo do desenvolvemento de políticas encamiñadas a cubrir o dereito á vivenda e que terá como principais destinatarias as persoas e colectivos con maiores dificultades.
18. Obxectivo cero feminicidios, cero desigualdades. Prioridade na loita contra o terrorismo machista, coa aprobación do Estatuto de Vítima do Feminicidio. Aplicación do feminismo de forma transversal para conseguir a igualdade real de todas as persoas
19. Política de infraestruturas decidida e xestionada desde Galiza. Transferencia e gratuidade da AP-9 e da AP-53 e da rede ferroviaria para avanzar no aproveitamento da rede no marco dun



plan integral de transporte público galego que vertebré o país de forma racional e sustentábel. Aplicación dunha política de rebaixa das tarifas en todos os transportes colectivos (especialmente nos novos servizos ferroviarios) para os viaxeiros habituais.

20. Defensa dunha democracia de calidade, promovendo mecanismos de control democrático e de participación social de todas as persoas.
21. Defensa dun ideario antiimperialista, que aposte decididamente pola paz mundial e a convivencia entre os diversos pobos e nacións.

B) PROCESO ELABORACIÓN PROGRAMA ELECTORAL

O Programa Electoral da coalición será elaborado de forma aberta, transparente e participativa, en base a un proceso que garanta a consulta dos órganos de dirección de cada formación política que integran a coalición electoral.

C) GRUPO PARLAMENTARIO

Todas as formacións integrantes da Coalición Electoral comprométense a formalizar a constitución dun Grupo Parlamentario propio no Parlamento de Galiza, no caso de que os resultados obtidos permitan a súa constitución de acordo co Regulamento parlamentario.

D) REPRESENTANTE NA COMISIÓN DE CONTROL ELECTORAL DE RADIO E TELEVISIÓN

O Representante Xeral efectuará a designación do Representante na Comisión de Control Electoral de Radio e Televisión prevista no artigo 65 da LOREX e 28.2 da Lei de Eleccións ao Parlamento de Galiza.

No caso de que existan, por delegación da Xunta Electoral de Galiza, Comisións de Radio e Televisión de ámbito provincial, a designación será efectuada polo correspondente Representante ante a Xunta Electoral Provincial.

E) CESIÓN DOS DEREITOS SOBRE ESPAZOS E LOCAIS ELECTORAIS

O BNG cede á Coalición Electoral os dereitos que lle correspondan á hora de distribución de espazos, locais e utilización de medios de comunicación públicos da campaña electoral establecidos na LOREX e na Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza en relación ao resultado obtido nas anteriores eleccións equivalentes, celebradas o 21 de outubro de 2012.